



ORGANIZAN



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



XIV OLIMPIADA CULTURAL

“O SABER TEN
PREMIO”

IES FERNANDO BLANCO

PRAZO INSCRIPCIÓN:
até o 25 de abril

**Gran Final
Xuño
2025**





Comeza a

XIV Olimpíada Cultural

“O saber ten premio no IES Fernando Blanco”.

O obxectivo é premiar aos estudantes que sexan quen de expresar o que saben, e compartan os seus coñecementos traballando en equipo nas distintas fases do concurso. O Saber ten premio recoñece o esforzo dun xeito divertido.

BASES DO CONCURSO

Primeira- Participantes

Poderán participar todos/as estudantes de todos os cursos do IES Fernando Blanco que estean interesados formando un equipo de 5 persoas.

Debe designarse un representante e un nome para o equipo debendo ser este un nome respectuoso.

Os equipos deben estar formados obrigatoriamente por:

- 3 alumnos/as de Bacharelato e Ciclos formativos (inclúe FP básica). Debe haber alumnado das dúas ensinanzas.

- 2alumnos/as de ESO/EPA

Tamén existe a opción de anotarse individualmente.

Nese caso, para a asignación de equipo,de ser necesario baremar, terase en conta a nota media da última avaliación realizada no centro. A nota numérica comporase de ata dous decimais .

No caso de empate entre o alumnado, realizarase un sorteo.

Segunda: Prazo de Inscripción

O prazo para anotarse na Olimpíada remata o 25 de abril. O alumnado que desexe participar cubrirá o formulario de inscrición que está a súa disposición no apartado “O Saber ten Premio ”da aula virtual e envarao á dirección de correo ies.fernando.blanco@edu.xunta.gal. ou entregaroo na xefatura de estudos

Terceira: Probas do concurso

O concurso componse de varias probas, que se realizarán sempre que os equipos participantes conten cun mínimo de 3 membros. Xogarán a “ O Saber ten premio no I.E.S. Fernando Blanco” no que deberán responder preguntas que versarán sobre as materias das múltiples ensinanzas que se imparten no IES Fernando Blanco.

A ausencia inxustificada a algunha das probas semifinais impedirá a participación na final e polo tanto esa persoa non recibirá contía económica.

Cuarta: Gran Final

Nela estarán os tres equipos que acaden a puntuación máis alta nas probas previas.

Xogarán ao concurso de preguntas “O Saber ten premio”.



Os equipos que obteñan a maior puntuación na fase de preguntas avanzarán á segunda fase, na que deberán defender e argumentar un tema proposto polo Xurado. Esta intervención realizarase en Lingua Galega, agás no caso de alumnado con exención, e será requisito imprescindible ter participado previamente nas formacións ou mentorías establecidas para a súa preparación.

Quinta- O xurado

Constituirase un xurado que emitirá o seu ditame ante a proba do debate establecido na base cuarta.

Sexta: Premios

Todos/as os/as participantes recibirán un agasallo. Os grupos finalistas optarán aos seguintes premios:

1º premio:600€

2º premio:400€

3ºpremio:300€

O 3º Premio será para o equipo que non pase a proba do debate na Gran Final.

O 1º e 2º Premios estableceranse coa media dos resultados acadados no xogo e no debate o día da Gran Final.

Non poderá recibir cuantía económica quen non xustifique debidamente a NON comparecencia ás probas.

Sétima: Lugar e data de realización de probas

As eliminatorias desenvolveranse no IES Fernando Blanco .As Semifinais serán entre a última semana do mes de abril e primarias de maio ou mediados no caso de ser necesario ir a quenda de desempates. A Gran final será posiblemente o 13 de xuño.

Oitava: Outras

Máis información na dirección de correo do centro.

Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta pola comisión organizadora